



Concello da Coruña

**EXPEDIENTE M2/2025 DE CONCESIÓN DUN
SUPLEMENTO DE CRÉDITO DO ORZAMENTO 2025**



Concello da Coruña

Área / Unidad PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000	Documento 36E19I00KP	
Código de verificación  6L2P 5161 1N0G 153L 0W8D	Expediente 36E/2025/27	
	Fecha 10-10-2025	

Expediente M2/2025 de concesión dun suplemento de crédito no Orzamento 2025

MEMORIA DE ALCALDIA

I.- Sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, para o seu posterior sometemento ao Pleno da Corporación Municipal, o presente expediente que ten por finalidade a modificación do orzamento de 2025, para conceder un suplemento de crédito para destinar o Remanente líquido de tesourería para gastos xerais, polo importe do superávit, á amortización de débeda, consonte o artigo 32.1 da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e como consecuencia da reactivación das regras fiscais no exercicio 2024.

É competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de modificación orzamentaria en virtude do sinalado no artigo 127.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación co artigo 179 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e a Base de Execución número 7 das do Orzamento do Concello. Será sometido á aprobación do Pleno da Corporación.

Na actualidade, a Lei reguladora de bases de réxime local, o Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (LRFL) e o Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da LRFL, establecen a normativa á que se deberán axustar as Corporacións Locais nos expedientes de concesión de créditos extraordinarios.

II.- O suplemento de crédito deste modificativo está destinado a proceder á amortización anticipada de préstamos xa dispostos pendentes de reintegro,



Concello da Coruña

financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería procedente da liquidación do Orzamento de 2024, por un importe de 11.556.292,87€ de Remanente para gastos xerais. A liquidación do Orzamento de 2024 foi aprobada por Decreto da Alcaldesa de 28/02/2025, DEC/AYT/1361/2025.

III.- O financiamento do suplemento de crédito prodúcese integramente con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais da liquidación do exercicio 2024.

IV.- No presente expediente consta a proposta da Tesourería Xeral dos préstamos a amortizar, así como o informe proposta do Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos.

V.- Por iso, procede aprobar o proxecto de expediente de modificación do Orzamento de 2025 (M2/2025), para a súa posterior aprobación polo Pleno Municipal.

O expediente resúmese a continuación:

INCREMENTOS NO ESTADO DE GASTOS

I	SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	11.556.292,87
---	------------------------	---------------

TOTAL INCREMENTO NO ESTADO DE GASTOS	11.556.292,87
---	----------------------

INCREMENTOS NO ESTADO DE INGRESOS

I	RLTGX	11.556.292,87
---	-------	---------------

TOTAL INCREMENTO NO ESTADO DE INGRESOS	11.556.292,87
---	----------------------

VARIACIÓN NETA NO ESTADO DE GASTOS	11.556.292,87
---	----------------------

VARIACIÓN NETA NO ESTADO DE INGRESOS:	11.556.292,87
--	----------------------

DISTRIBUCIÓN NETA DAS MODIFICACIÓNS POR CAPÍTULOS DE GASTO



Concello da Coruña

CAPÍTULO		IMPORTE
I	Gastos de persoal	
II	Gastos correntes en bens e servizos	
III	Gastos financeiros	
IV	Transferencias correntes	
V	Fondo de Continxencia e outros	
OPERACIÓNS CORRENTES		
CAPÍTULO		IMPORTE
VI	Investimentos reais	
VII	Transferencias de capital	
VIII	Activos financeiros	
IX	Pasivos financeiros	11.556.292,87
OPERACIÓNS DE CAPITAL		11.556.292,87
TOTAL		11.556.292,87

Tramítese o expediente con suxeición ao procedemento establecido pola normativa vixente.

A Coruña, na data da sinatura electrónica que consta no presente documento

A Alcaldesa,



Concello da Coruña

Área / Unidade PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000 EDT	Documento 36E19I00NA	
Código de verificación 	Expediente 36E/2025/27	
1433 1A6I 1746 356M 0MF1	Fecha 23-10-2025	

Expediente M2/2025 de concesión dun suplemento de crédito no Orzamento 2025

Informe proposta

I. A regulación legal das modificacións orzamentarias atópase contida fundamentalmente nos artigos 177 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (en adiante, TRLRFL), así como na sección 2ª do capítulo II do Real decreto 500/1990, do 20 de abril (en adiante, RD 500/1990). A Base 7ª das aprobadas para a execución do Orzamento de 2025 remítese ás normas legais vixentes para a tramitación dos expedientes de concesión de suplementos de crédito.

De acordo coas normas apuntadas, os suplementos de crédito son modificacións do orzamento de gastos, mediante os que se incrementa crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e para o que o crédito consignado é insuficiente. O seu financiamento pode realizarse con cargo ao remanente líquido de tesourería, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, ou mediante anulacións ou baixas de crédito de gastos doutras aplicacións, non comprometidos e cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

No presente expediente, o financiamento prodúcese, con cargo ao remanente líquido de Tesourería procedente da liquidación do Orzamento de 2024, por un importe de once millóns cincocentos cincuenta e seis mil douscentos noventa e dous euros con oitenta e sete céntimos (11.556.292,87€) de Remanente para gastos xerais. Remanente que á data está dispoñible segundo informe de Tesourería-Contabilidade que se achega ao expediente.

O suplemento de crédito, que se propón na aplicación 20.011.91300 “Amortización préstamos M-L prazo entes fora S. Público”, por importe de 11.556.292,87€, está destinado á amortización anticipada dos préstamos, identificados por Tesourería cos seguintes números:



Concello da Coruña

- 2017/1/445019 Caixabank (Bankia), por importe de 453.898,48€
- 2019/1/110202 (Sabadell), por importe de 3.323.716,48€
- 2020/1/388909 (Abanca), por importe de 4.514.365,54€
- 2021/1/215751 (C. Rural Galega), por importe de 809.506,57€
- 2023/1/821211 (Unicaja), por importe de 2.454.805,80€

Da liquidación do exercicio 2024, informe do Interventor Xeral de Estabilidade Orzamentaria no marco SEC 2010, obtéñense os seguintes datos para o Grupo Institucional do Concello:

- Capacidade de financiamento (superávit) do Concello: 11.556.292,87€
- Remanente Líquido de Tesourería para gastos Xerais: 18.969.313,46€.

Para a liquidación de 2024 xa están de novo en vigor as regras fiscais. Por iso, en aplicación da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, o destino do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, polo importe do superávit, é amortización de débeda, consonte o artigo 32.1 da lei.

Á vista do anterior propónse complementar a aplicación 20.011.913.00 para proceder á amortización anticipada de préstamos xa dispostos pendentes de reintegro.

II. O expediente de concesión de suplemento de crédito do orzamento 2025 que se somete ao Pleno, vén acompañado da correspondente Memoria xustificativa, na que se ordena a incoación do expediente. Na devandita Memoria e na restante documentación que se une ao expediente, recóllense os aspectos mencionados no artigo 37.2 do RD 500/1990 (artigos 177 e 178 do TRLRFL), que establece como aplicables as normas sobre información, reclamacións e publicidade, recollidas nos artigos 20 e 22 do propio Real Decreto e 169 a 171 do TRLRFL.

O expediente M2/2025 de modificación do Orzamento de 2025, que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co establecido no art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril (modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local), vistos os informes obrantes no mesmo e previo ditame emitido pola Comisión informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral sométese a aprobación polo Pleno da Corporación. Unha vez producida a aprobación inicial por maioría simple dos membros presentes, o expediente haberá de expoñerse ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o propio Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se, durante o citado prazo, non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.



Concello da Coruña

Aprobada definitivamente a modificación publicarase resumida por capítulos no BOP, entrando en vigor unha vez efectuada esta publicación.

III. Conforme a normativa citada, formúlase ao Pleno da Corporación, a seguinte:

Proposta de acordo:

1. Aprobar o expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2025 (M2/2025), mediante concesión dun suplemento de crédito por importe de once millóns cincocentos cincuenta e seis mil douscentos noventa e dous euros con oitenta e sete céntimos (11.556.292,87€). Todo iso reflectido na listaxe denominada “Expediente M2/2025” que se incorpora ao expediente.
2. Aprobar o expediente de modificación do estado de ingresos do orzamento 2025, incorporando once millóns cincocentos cincuenta e seis mil douscentos noventa e dous euros con oitenta e sete céntimos (11.556.292,87€), de remanente líquido de Tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do orzamento de 2024, no subconcepto 870.00.
3. Aprobar a distribución do financiamento procedente do remanente líquido de Tesourería para gastos xerais da liquidación do orzamento de 2024, por un total de once millóns cincocentos cincuenta e seis mil douscentos noventa e dous euros con oitenta e sete céntimos (11.556.292,87€). Todo iso reflectido no listado “Expediente M2/2025. Financiamento”.
4. Facultar á Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

A Coruña, na data de firma dixital deste documento electrónico

M^a Teresa Arcas González

Xefa de Departamento de Orzamentos e Estudos Económicos

Conforme,

Manuel Ángel Jove Losada

Director da Área de Administración Xeral

V^o e pr,

José Manuel Lage Tuñas

Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica



Concello da Coruña

Expediente M2/2025

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	FINALIDADE ESPECÍFICA
ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA	TESOURERÍA	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	20.011.913.00	Amort. Prest. M-L prazo entes fora S. Público	11.556.292,87		Dotar crédito destinado amortización anticipada para a cancelación dos préstamos identificados por Tesourería cos números 2017/1/445019 Caixabank (Bankia), 2019/1/110202 (Sabadell), 2020/1/388909 (Abanca), 2021/1/215751 (C. Rural Galega) e 2023/1/821211 (Unicaja)
					11.556.292,87		

Expediente M2/2025. Financiamento

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	SUP. CRÉD.	IMPORTE	RLT XERAL
ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA	TESOURERÍA	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	20.011.913.00	Amort. Prest. M-L prazo entes fora S. Público	11.556.292,87	11.556.292,87	11.556.292,87
					11.556.292,87	11.556.292,87	11.556.292,87

EXPEDIENTE M2/2025 DE CONCESIÓN DUN SUPLEMENTO DE CRÉDITO, DE COMPETENCIA PLENARIA, DENTRO DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2025.

Remítese para informe desta Intervención Xeral, o expediente M2/2025 de dun suplemento de crédito nos termos expostos na memoria da Alcaldía e informe-proposta da Oficina Orzamentaria que se achega.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LRBRL), o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), o Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, en materia orzamentaria, así como as Bases de Execución do Orzamento para 2017, aprobadas pola Corporación xunto co mesmo, constitúen o réxime legal a que ha de someterse a Corporación para tramitar a modificación de créditos orzamentarios.

En concreto, a Sección 2ª do Capítulo I do Título VI do TRLRFL, titulada “Dos créditos e as súas modificacións”, artigo 172 e seguintes, e o seu desenvolvemento no R.D. 500/1990, regulan os expedientes de modificación de créditos, establecendo as normas que disciplinan os casos en que procede a súa tramitación, procedemento e formas de financiamento dos incrementos. No número 2 do artigo 177 e no 37.3 do R.D. 500/1990, esíxese o informe previo do Interventor respecto dos devanditos expedientes. Así mesmo a Base das dea execución do Orzamento de 2025, establece o carácter preceptivo do informe do Interventor nas resolucións que modifiquen créditos orzamentarios.

En cumprimento do preceptuado, o Interventor Xeral que subscribe emite o seguinte

INFORME:**I.- Antecedentes.**

O expediente que agora sometese á Corporación supón a concesión dun suplemento de crédito por importe de 11.556.292,87€, co obxecto de amortizar o endebedamento para dar cumprimento o mandato do artigo 32.1 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeiro, que supón destinar o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais polo importe do superávit da Liquidación orzamentaria do 2024 á amortización de endebedamento.

Consta no expediente informe da oficina de contabilidade sobre a disposición íntegra do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais por maior importe que o utilizado para o financiamento desta modificación orzamentaria.

O expediente aparece nivelado, dado que o importe do suplemento equivale aos recursos que se arbitran para o seu financiamento.

I.- ALTAS.

Suplemento de crédito	11.556.292,87
-----------------------	---------------

Total altas de créditos	11.556.292,87
--------------------------------	---------------

II.- FINANCIAMENTO DOS INCREMENTOS DE GASTO.

Remanente Líquido de Tesourería GX	11.556.292,87
Total financiamento	11.556.292,87

Polo tanto, o expediente aparece nivelado e equilibrado en termos orzamentarios, dándose cumprimento ao disposto no artigo 16.2 do Real Decreto 500/1990.

Así mesmo en relación aos créditos extraordinarios e suplementos de crédito, no expediente dáse tamén cumprimento ao disposto no artigo 177.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que di en relación co financiamento das modificacións dos créditos citados o seguinte: *O expediente deberá especificar a concreta partida orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que ha de financiar o aumento que se propón. O devandito aumento financiarase con cargo ao remanente líquido de tesourería, con novos e maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, e mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos, cuxas dotacións se estimen reducíbeis sen perturbación do respectivo servizo.*

II.- Exame do expediente

Como xa dixemos o expediente que agora sometese á Corporación supón a concesión dun suplemento de crédito por importe de 11.556.292,87€, co obxecto de amortizar o endebedamento vinculado en cumprimento do artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financiera, que dispón:

“1. En el supuesto de que la liquidación presupuestaria se sitúe en superávit, este se destinará, en el caso del Estado, Comunidades Autónomas, y Corporaciones Locales, a reducir el nivel de endeudamiento neto siempre con el límite del volumen de endeudamiento si éste fuera inferior al importe del superávit a destinar a la reducción de deuda.”

A liquidación orzamentaria do exercicio 2024 mostra un superávit de 11.556.292,87 de €, polo que o mesmo importe do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, si existirá como existe saldo suficiente, debe destinarse ao fin fixado no artículo antes reproducido.

Polo que o suplemento de crédito non só é legal senon que poderíamos decir que é obrigado pola Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria.

III.- Aprobación do expediente pola Corporación.

Segundo o artigo 177 do TRLRFL, a aprobación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios, suplementos e baixas por anulación, corresponden ao Pleno da Corporación, seguindo os mesmos trámites establecidos para a aprobación do Orzamento; isto é, aprobación



inicial, exposición ao público por prazo de quince días, entendéndose definitivamente aprobado se non se presentasen reclamacións nen alegacións no citado prazo, ou no caso de que si se presentasen deberá adoptar o Pleno acordo expreso de aprobación definitiva resolvendo as citadas reclamacións no prazo máximo dun mes, publicándose por capítulos no BOP, data a partir da cal entrará en vigor. Por conseguinte, poderá ser aprobado por maioría simple dos membros da Corporación presentes na sesión (artigo 47 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local).

Non obstante, a tenor do establecido na Lei 57/2003, de Modernización do Goberno Local, artigo 127.1.b), corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de Orzamento e enténdese, en consecuencia coa lexislación citada, que así mesmo corresponde ao devandito Órgano a aprobación do proxecto do expediente que agora se tramita.

A Coruña a data da sinatura electrónica.

O INTERVENTOR XERAL.



Área / Unidade ACTIVIDAD CORPORATIVA SG1000 PSL	Documento 12319I00FE	Certificación asunto 12 PLO 06.11.2025
Código de verificación  1M19 6Q26 6W19 2R5Z 0NUB	Expediente 123/2025/12	
	Fecha 06-11-2025	

Manuel José Díaz Sánchez, Secretario xeral do Pleno do excelentísimo Concello da Coruña,

Expediente 36E/2025/27

Aprobación inicial do expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento do Concello da Coruña para o exercicio 2025, M2/2025, mediante a concesión dun suplemento de crédito.

CERTIFICO que o Excmo. Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 6 de novembro de 2025 adoptou os seguintes acordos, nos propios termos do ditame da Comisión Informativa e coa motivación *in aliunde* do informe proposta do Servizo, de conformidade co art. 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, co voto a favor dos grupos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos) e do Bloque Nacionalista Galego (4 votos), e o voto en contra do Grupo municipal do Partido Popular (12 votos):

1. Aprobar o expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2025 (M2/2025), mediante concesión dun suplemento de crédito por importe de once millóns cincocentos cincuenta e seis mil douscentos noventa e dous euros con oitenta e sete céntimos (11.556.292,87€). Todo iso reflectido na listaxe denominada “Expediente M2/2025” que se incorpora ao

Manuel José Díaz Sánchez, Secretario general del Pleno del excelentísimo Ayuntamiento de A Coruña,

Expediente 36E/2025/27

Aprobación inicial del expediente de modificación del estado de gastos del Presupuesto del Ayuntamiento de A Coruña para el ejercicio 2025, M2/2025, mediante la concesión de un suplemento de crédito.

CERTIFICO que el Excmo. Ayuntamiento Pleno, en sesión ordinaria celebrada el día 6 de noviembre de 2025, adoptó los siguientes acuerdos, en los propios términos del dictamen de la Comisión Informativa y con la motivación *“in aliunde”* del informe propuesta del Servicio, de conformidad con el art. 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, con el voto a favor de los grupos municipales de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos) y del Bloque Nacionalista Galego (4 votos), y el voto en contra del Grupo municipal del Partido Popular (12 votos):

1. Aprobar el expediente de modificación del estado de gastos del Presupuesto 2025 (M2/2025), mediante concesión de un suplemento de crédito por importe de once millones quinientos cincuenta y seis mil doscientos noventa y dos euros con ochenta y siete céntimos (11.556.292,87€). Todo ello reflejado en el listado denominado “Expediente M2/2025” que se



Concello da Coruña

expediente.

2. Aprobar o expediente de modificación do estado de ingresos do orzamento 2025, incorporando once millóns cincocentos cincuenta e seis mil douscentos noventa e dous euros con oitenta e sete céntimos (11.556.292,87€), de remanente líquido de Tesorería para gastos xerais procedente da liquidación do orzamento de 2024, no subconcepto 870.00.

3. Aprobar a distribución do financiamento procedente do remanente líquido de Tesorería para gastos xerais da liquidación do orzamento de 2024, por un total de once millóns cincocentos cincuenta e seis mil douscentos noventa e dous euros con oitenta e sete céntimos (11.556.292,87€). Todo iso reflectido no listado “Expediente M2/2025. Financiamento”.

4. Facultar á alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

E para que así conste, expido e asino este certificado, ao abeiro e coa advertencia prevista no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e a resultas do texto definitivo da acta.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

Vº e Pr
Alcaldesa
Inés Rey García

incorpora al expediente.

2. Aprobar el expediente de modificación del estado de ingresos del presupuesto 2025, incorporando once millones quinientos cincuenta y seis mil doscientos noventa y dos euros con ochenta y siete céntimos (11.556.292,87€), de remanente líquido de Tesorería para gastos generales procedente de la liquidación del presupuesto de 2024, en el subconcepto 870.00.

3. Aprobar la distribución de la financiación procedente del remanente líquido de Tesorería para gastos generales de la liquidación del presupuesto de 2024, por un total de once millones quinientos cincuenta y seis mil doscientos noventa y dos euros con ochenta y siete céntimos (11.556.292,87€). Todo ello reflejado en el listado “Expediente M2/2025. Financiación”.

4. Facultar a la alcaldesa para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.

Y para que así conste, expido y firmo este certificado, al amparo y con la salvedad prevista en el artículo 206 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales, y a resultas del texto definitivo del acta.

A Coruña, en la fecha de la firma electrónica.

Secretario xeral do Pleno
Manuel José Díaz Sánchez



ANEXO

Expediente M2/2025

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	FINALIDADE ESPECÍFICA
ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA	TESOURERÍA	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	20.011.913.00	Amort. Prest. M-L prazo entes fora S. Público	11.556.292,87		Dotar crédito destinado amortización anticipada para a cancelación dos préstamos identificados por Tesourería cos números 2017/1/445019 Caixabank (Bankia), 2019/1/110202 (Sabadell), 2020/1/388909 (Abanca), 2021/1/215751 (C. Rural Galega) e 2023/1/821211 (Unicaja)
					11.556.292,87		

Expediente M2/2025. Financiamento

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	SUP. CRÉD	IMPORTE	RLT XERAL
ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA	TESOURERÍA	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	20.011.913.00	Amort. Prest. M-L prazo entes fora S. Público	11.556.292,87	11.556.292,87	11.556.292,87
					11.556.292,87	11.556.292,87	11.556.292,87



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Oficina Orzamentaria

Aprobación inicial dos expedientes M2/2025 e M3/2025, modificativos do orzamento de 2025

ANUNCIO

O Concello Pleno, en sesión ordinaria realizada o día 6 de novembro de 2025, aprobou inicialmente os expedientes M2/2025 de concesión dun suplemento de crédito, e M3/2025 de concesión dun suplemento de crédito e unha baixa por anulación de créditos do Orzamento 2025.

Os referidos expedientes permanecerán expostos ao público, despois da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Corporación, no Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos, sito no número 20 da rúa Franja, e no taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es/>, durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no citado boletín oficial, a efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o teor do disposto no artigo 169.1, en relación co 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL).

Se ao remate do período de exposición pública non se presentasen reclamacións, os expedientes consideraranse definitivamente aprobados, segundo o establecido na aludida lexislación.

Publícase para os efectos previstos na lexislación citada.

A Coruña, 6 de novembro de 2025

José Manuel Lage Tuñas

Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica

2025/7306



Concello da Coruña

Área / Unidad REGISTRO MARIA PITA ACM	Documento RMP19I6N50	
<i>Código de verificación</i>  6O06 6K6A 4722 495N 0RLZ	<i>Expediente</i> 415/2025/4	
	<i>Fecha</i> 01-12-2025	

DOÑA MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ, OFICIAL MAYOR DEL EXCMO. AYUNTAMIENTO DE A CORUÑA

CERTIFICO: Que el anuncio relativo a la aprobación inicial del expediente M2/2025, de concesión de un suplemento de crédito del presupuesto 2025, publicado en el Boletín Oficial de Provincia de A Coruña el 7 de noviembre de 2025, (BOP número 214), fue expuesto al público en el Tablón de Edictos de este Ayuntamiento durante el período comprendido entre el 10 y el 28 de noviembre de 2025 inclusive.

Examinado en soporte informático el Registro General de Entrada de este Ayuntamiento desde el 10 de noviembre de 2025 hasta la hora y fecha, no figura presentada alegación alguna a dicho anuncio.

Y para que conste y surta efectos consiguientes, expido la presente de orden y con el visto bueno de la Sra. Alcaldesa, a fecha de firma electrónica

Vº.Bº.

La Alcaldesa

PD, Concejala Responsable de Seguridad Ciudadana e Interior

Montserrat Paz Romero

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcaldesa (INES REY GARCÍA) a las 14:52 del día 02/12/2025 y por ACTIVIDAD CORPORATIVA, AYTO A CORUÑA a las 14:52 del día 02/12/2025. Mediante el código de verificación 5H5Z24005Y6F6L4G055Q puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/Anotada en el Libro de Resoluciones de Alcaldía con el núm. COR/DEC/9359/2025 el 02/12/2025



Anotada en el Libro de Resoluciones
de la Alcaldía con el núm: DEC/AYT/9359/2025
02/12/2025

Área / Unidad PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000 MGCD	Documento 36E19I00QM	
Código de verificación  5H5Z 2400 5Y6F 6L4G 055Q	Expediente 36E/2025/27	
	Fecha 01-12-2025	

DECRETO

Á vista do informe proposta emitido polo Director da Área de Administración Xeral e en virtude das atribucións ao meu cargo conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVÍN:

Considerar definitivamente aprobado o expediente M2/2025 de concesión dun suplemento de crédito no Orzamento de 2025, e publicar o Orzamento, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, de acordo coas cifras resultantes do aludido expediente.

Alcaldía-Presidencia da cidade da Coruña, na data da sinatura electrónica que consta no presente documento

A Alcaldesa,

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Oficina Orzamentaria

Aprobación definitiva expedientes M2/2025 e M3/2025

ANUNCIO

O Concello Pleno, en sesión ordinaria realizada o día 6 de novembro de 2025, aprobou inicialmente os expedientes M2/2025, de concesión dun suplemento de crédito, e M3/2025 de concesión dun suplemento de crédito e unha baixa de crédito do Orzamento 2025.

Os expedientes citados foron sometidos a exposición pública para reclamacións durante o prazo de quince días, mediante anuncio publicado no BOP número 214, do 7 de novembro de 2025. Durante o citado prazo, non se presentaron reclamacións contra deles, segundo resulta da certificación expedida pola Oficial Maior do Concello da Coruña, polo que, de conformidade co disposto no art. 169.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo en relación co 177 e ss. do propio texto legal, a Alcaldesa mediante Decreto do 2 de decembro de 2025, resolveu considerar definitivamente aprobados os expedientes M2/2025 e M3/2025 e publicar o Orzamento, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, de acordo coas cifras resultantes dos aludidos expedientes.

Segundo o disposto no art. 169.3, en relación co 177.2 e o 179.4, todos do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL), e o 49 do RD 500/90, do 20 de abril, publícase o resumo por capítulos do Orzamento, incorporando as modificacións dos devanditos expedientes M2/2025 e M3/2025:

Resumo por capítulos

Estado de gastos

CAP	INICIAL	ACTUAL	M2/2025	M3/2025	DEFINITIVO
1	85.171.535,95	85.891.229,17			85.891.229,17
2	164.420.715,66	170.967.728,67			170.967.728,67
3	2.692.564,08	2.642.564,08		-275.000,00	2.367.564,08
4	45.750.328,21	51.768.902,78		275.000,00	52.043.902,78
5	20.000,00	20.000,00			20.000,00
6	57.854.454,77	137.859.553,77			137.859.553,77
7	13.108.434,38	23.376.658,86			23.376.658,86
8	80.001,00	277.978,98			277.978,98
9	10.581.251,00	10.631.251,00	11.556.292,87		22.187.543,87
	379.679.285,05	483.435.867,31	11.556.292,87	0,00	494.992.160,18

Publícase para xeral coñecemento. Faise constar que contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo segundo o teor do establecido no artigo 171 do TRLRFL, que se presentará ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses. O prazo contarase dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio. Poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime procedente.

A Coruña, 3 de decembro de 2025

José Manuel Lage Tuñas

Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica

2025/8142